

## **O PSOE de Palas de Rei abandona o Pleno ao considerar arbitraria a convocatoria da sesión por parte da Alcaldía**

**O Grupo Municipal socialista denuncia que o Alcalde do PP está a incumplir a lei xa que está a alterar o funcionamento do Pleno de forma unilateral, ao no convocar as sesións o terceiro xoves de cada mes impar, tal e como se establecera na de constitución da Corporación**

**Os socialistas denuncian que dende o mes de setembro non se celebrou un Pleno nas datas establecidas no Regulamento Orgánico de Funcionamento, aprobado pola Corporación**

**Horacio Rouco afirma que “o PP está a practicar un golpe de estado permanente, vulneran permanentemente a lei e os dereitos da participación política, dos concelleiros e dos partidos políticos que forman parte da Corporación e, polo tanto, tamén dos dereitos dos seus veciños e veciñas que están representados por eles”**

**PALAS DE REI, 26 DE FEBREIRO DE 2015.-** O Grupo Municipal do PSOE abandonou esta mañá o Pleno ordinario do Concello de Palas de Rei ante a súa convocatoria arbitraria por parte do equipo de Goberno. Á saída do mesmo, o voceiro do PSOE afirmou que a convocatoria desta sesión “incumpre as obrigas estipuladas, pois vulnera o acordo acadado na sesión de constitución da Corporación, onde se aprobou que os Plenos serían o terceiro xoves de cada mes impar. O Alcalde popular está a incumplir directamente o artigo 78 do ROF, xa que a decisión do Pleno non a pode alterar o rexedor de forma unilateral, senón que fai falta outro acordo para a súa válida modificación”, afirma Rouco.

Con este cambio “arbitrario”, o Alcalde está a infrinxir, ademais, o disposto polo artigo 23 da Constitución Española, segundo o cal “os cidadáns teñen dereito a participar nos asuntos públicos directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal”.

Segundo Rouco, o abandono do PSOE do Pleno responde a un desexo de non ser cómplices desta imposición irracional por parte da Alcaldía do PP, que están a “practicar un golpe de estado permanente, vulneran continuamente a lei e os dereitos da participación política, dos concelleiros e dos partidos políticos que forman parte da Corporación e, polo tanto, tamén dos dereitos dos seus veciños e veciñas que están representados por eles”. “Podémoslle chamar un Estado de Excepción permanente, na medida que en Palas vemos restrinxidos os nosos dereitos democráticos”, subliñou.

### **Goberno “a golpe de Decreto”**

Os socialistas do municipio critican “o comportamento autoritario e prepotente do Alcalde, así como a falta de respecto á Corporación ao violar os acordos adoptados no Pleno e cambiar as datas das sesións unilateralmente”. O voceiro socialista explicou que “por golpe de Decreto, como lle gusta gobernar ao señor Alcalde, informounos que os Plenos ordinarios se poderían adiantar ou atrasar unha semana en caso de que o Rexedor estivera ausente do municipio por temas de interese dos veciños de Palas; pero agora vemos que isto non é así, xa que dende setembro non tivemos unha sesión ordinaria na data acordada inicialmente”. Neste senso, os socialistas explicaron que “isto supón unha vulneración total da Lei Galega de Administración

Local, que establece no seu artigo 210 que o Pleno deberá celebrarse en sesión ordinaria como mínimo cada dous meses”.

Tendo en conta isto, os edís do PSOE denuncian que o Alcalde “non lle fai caso” á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia en materia de convocatoria dos Plenos segundo establece a Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local, xa que a convocatoria das sesións extraordinarias non exime da convocatoria das ordinarias, algo que non se está a cumprir neste Concello. Segundo un comunicado desta Dirección Xeral de Administración Local, en caso de estar incumprindo o establecido pola Lei, ditas disfuncionalidades deben ser corrixidas inmediatamente.

Rouco indicou, ademais, que “outra mostra da vulneración dos dereitos democráticos por parte do Alcalde, é que xa en febreiro de 2014, un ano atrás, pedira o acceso ao Rexistro Xeral de entrada deste Concello, e aínda non recibín resposta”.